



experiencias

outros artigos

A auga cos cinco sentidos

Grupo de trabalho

MANDORLA, mandoria@onosolar.net

Un proxecto sobre a auga en educación infantil

M.ª Dorinda Matos Vázquez, Universidade da Coruña, mmatov@udc.es


A biblioteca, corazón do colexio

Grupo de trabalho do CEIP Condesa de Fenosa, O Barco de Valdeorras

(Ourense), mpbarredo@edu.xunta.es



Hai dez anos, os poucos libros que tiñamos no centro estaban gardados nunha especie de almacén sen ordenar nin catalogar. Hoxe, grazas a un proxecto que levou a cabo un grupúlo de mestres e mestras, dispoñemos dunha biblioteca ben dotada e perfectamente clasificada en soporte informático. Nela realizamos actividades de animación á lectura, e agora é un dos eixes arredor dos que se move a vida do centro.



Partimos de que a biblioteca é un centro de recursos multimedia, para a formación e para o lecer, aberto a toda a comunidade educativa. De aí que consideremos moi importante que o profesorado sexa capaz de xestionar o servizo de préstamos, realizar unha consulta a fondos, coñecer a CDU (Clasificación Decimal Universal), colocar axeitadamente os libros e empregala como unha prolongación máis das clases. Con este obxectivo deseñamos obradoiros de escritura creativa, xeramos foros de opinión sobre obras lidas, usamos a biblioteca como local para lecturas colectivas e dinamizamos unha web con accesos directos a enciclopedias on-line e cun sistema de blogs para comentarios de libros.


Este traballo non é para nós unha meta xa acadada, pois queremos seguir mellorando, tanto nas condicións físicas e os equipamentos, como na actualización e adquisición de fondos, porque sabemos que iso beneficia a calidade da ensinanza. Tamén pretendemos continuar fomentando hábitos de lectura e enriquecer as competencias lingüísticas do noso alumnado co fin de revitalizar a práctica educativa e que os nenos e nenas se acheguen aos libros como opción de vagar, ademais de utilizarlos como fonte informativa. Pensamos que esta é unha boa maneira de procurar a mellora das habilidades cognitivas de carácter lectoescritor, e de resolver certos problemas relacionados coa adquisición de hábitos de estudio, atendendo á diversidade do noso alumnado, en particular do procedente de situacions de desvantaxe socioeducativa.

Os recursos

Hoxe non se podería entender, nin a xestión nin o uso educativo da biblioteca, sen os recursos informáticos. Como dixemos, contamos cunha páxina web, webquests sobre a procedencia dos libros que mediu a investigación guíada, nos permiten promover as habilidades cognitivas do alumnado e impulsar o seu traballo cooperativo e a súa autonomía.

Empregamos, así mesmo, programas Jclic de formación de usuarios. Trátase dun contorno para a creación, realización e avaliación de actividades educativas multimedia, desenvolto na plataforma Java. As fichas de formación de usuarios (con tres niveis), o blog e a webquest sobre proxectos documentais, completan os recursos que nos permiten poñer en marcha unha metodoloxía baseada na construcción de coñecementos e na motivación.

As actividades



Durante o primeiro trimestre explicánsenlle as normas da biblioteca a todos os usuarios do servizo (profesores e alumnos) e desenvolvéñse sesións de formación con cada grupo. Con esta finalidade deseñámos unha serie de fichas e un programa informativo sobre libros que se piden prestar ou non, política de empréstitos, servizos ofertados, normas e conservación dos fondos, etc. Os mestres teñen a posibilidade de entrar ao programa informático e rexistar as entradas e saídas das obras da biblioteca.


Formación documental

É un dos eixes do noso traballo, porque somos conscientes de que é o punto que máis eivas presenta. Para iso fixemos:

- Unha webquest con motivo do Día do Libro.
- Un modelo de "Como facer un traballo" presentado no Plan lector do centro.
- A edición de *O barquillo de papel*, boletín da nosa biblioteca que trata, tanto temas puntuais en cada trimestre, como calquera outro que interese chegado o momento.
- Guías de lecturas, para o profesorado e para o alumnado, con ocasión das festividades escolares: o magosto, o Nadal, o ceo, o medio, as Letras Galegas...
- A Olimpiada do Saber, na que participa o alumnado de primaria.
- A hora dos deberes e do relax, en horario de 14.30 a 15.30 para que todos os nenos e nenas do colexio, especialmente aqueles con escasos medios na casa, poidan efectuar os seus traballos de investigación, procurar documentais, etc.

Fomento da lectura

Neste ámbito puxemos en marcha actividades para que o alumnado se enganchease aos materiais escritos. Velai as principais:



• O martes... conta. Faise durante as titorías coas familias. Algunhas mestres e pais venían á biblioteca e cónstalles un conto aos nenos.

• Vaille co conto ao profe. Cada día no recreo, un profesor (mestre escotador) agarra na mesa de braseiro a que os rapaces lle lean un anaco do conto que eles mesmos elixiron.

• Obradoiro de escritura creativa. Neste caso seguimos as directrices de Gianni Rodari na súa *Gramática da fantasia*.

• Concurso de ilustradores gráficos. Esta tarefa, xunto coa anterior, concretarase na edición dun libro cos traballos dos cativos que pasará a incrementar o fondo da biblioteca e será editado e distribuído despois entre os rapaces do centro.

• Maleta viaxeira. Durante o curso irá recollendo historias de casa en casa dos alumnos de infantil.

• A caza do tesouro. Son actividades que realizámos co gallo do Día das Letras Galegas. Fórmanse catro a cinco grupos de profesores e un por un van pofiendo en escena un conto diante dos pequenos. En cada representación dáselle aos asistentes unha palabra clave que lles axudará a resolver un encrucillado e así conseguir o tesouro.

Tamén elaborámos etiquetas para os andeis e os libros, con cores diferentes e seguindo os criterios da CDU para unha mellor visualización do material; concurso de marcadores de páxinas e clubs de lectura.

Valoración da experiencia



O éxito de cada actividade nótase, entre outras cousas, no número de préstamos realizados e no interese crecente manifestado, tanto por parte do profesorado como dos alumnos. O atractivo que esperan entre a comunidade educativa todas as actividades relacionadas coa biblioteca vai en aumento cada ano que pasa, e tamén medra a participación.

Como mostra está un club de lectura, no que os nenos e as nenas se podían apuntar á temática que máis lles interesaba: humor, misterio, terror, aventuras, contos tradicionais, poesía ou mitoloxía. O resultado foi que se crearon 15 clubs nos que participaron 224 rapaces, que se xuntaban no recreo para falar do libro que estaban a ler, descubrir novos autores, escribir poesía e mesmo facer unha mascota, ou apuntar as súas impresións no blog (<http://condeza.blogaliza.org>).

Bibliografía

DEL AMO, J. M. (2003) *Literatura infantil, claves para la competencia lectora*. Málaga, Aljibe.

GARCÍA TEIJERO, A. (1990) *Disfrutar escribiendo: a narración e a poesía nas aulas*. Vigo, Galaxia.

RODARI, G. (1999) *Gramática da fantasia: introducción á arte de contar historias*. Pontevedra, Kalandraka.